

**Acta núm. 19/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 31 de xullo de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 31 de xullo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2019, DO 24.07.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.
- 4º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.
- 5º) APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDOS DE DETALLE.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2019, DO 24.07.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 24.07.2019, acta núm. 18/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JULIO CESAR MARTINEZ SUAREZ, na que comunica que vai realizar 135 metros lineais de peche da parcela con referencia catastral nº 7412635NH2471S, en Soigrex nº18, con bloques de formigón, postes e arame. O peche, no linde co vial público, situarase mínimo a 4 m. do eixe do camiño.

A parcela onde se pretenden executar as obra atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en area consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro do contorno dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como XBE1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables da Consellería de Cultura e Turismo e da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A zona que se execute en bloque de formigón quedará convenientemente enfuscada e pintada en cor branca ou unha cor clara e neutra das tradicionais da zona.
- A parte cega do peche non superará a altura de 1,20 m.
- A altura total do muro non superará 1,80 m. respecto da rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 99,33 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 163,90 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONSUELO ALONSO ALONSO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda situada na Urbanización Monte Devesa nº50 – Os Ánxeles, substituíndo a totalidade da tella en mal estado por tella nova.

A edificación onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 183,23 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 247,80 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELVIRA PAZOS REGO, na que comunica que vai realizar traballos de reparación e impermeabilización da terraza da vivenda sita en Urb. Agronovo nº95 – Os Ánxeles.

A parcela (6446903NH2464N0003YG) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELADIO ESPARÍS BARBAZÁN, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Vilar nº15 – Viceso, substituíndo a tella vella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume da edificación.

A parcela (1256404NH2415N0001WP) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 56,70 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 121,27 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por HEITOR GONZÁLEZ NOYA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Salaño Pequeno nº3 – Ons, substituíndo as uralitas actuais por tella nova sobre pranchas de fibrocemento, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume da edificación.

A parcela (0988804NH2408N0001KA) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 164,89 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 229,46 euros.

3º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por MANUEL CARNOTA NIMO, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de vado permanente núm. 2003/03, situado en Outeiro nº9, Os Ánxeles, concedido pola Xunta de Goberno Local a nome de Carmen Carnota Nimo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 2003/03, situada en Outeiro nº9, Os Ánxeles, a nome de Manuel Carnota Nimo.

4º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA SUSANA GÜETO PAIS, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Avd. dos Ánxeles 38-D, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

5º) APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDOS DE DETALLE.

a) Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle, presentado por Elena García - Norro Granja e redactado polo arquitecto Pablo López Prol, de data xullo de 2019, presentado no Concello o 19.07.2019 (r.e. núm. 2419), para ordenar os volumes edificatorios e concretar as condicións estéticas e de composición da

parcela con referencia catastral nº 6649560NH2464N0001HD, situada no lugar de Alqueidón – Os Ánxeles.

O Sr. Alcalde abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Vistos os informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do Concello, por delegación da alcaldía do 20.06.2019 (BOP 03.07.2019), por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento: Estudo de detalle, para ordenar os volumes edificatorios e concretar as condicións estéticas e de composición referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, e solicitarase o informe sectorial preceptivo da Xunta de Galicia en materia de estradas, consonte co establecido no art.80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado da información pública, o Pleno como órgano competente do Concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

b) Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle para ordenar os volumes edificables, redactado desde o servizo de urbanismo do Concello, pola arquitecta municipal Mónica Arias Carriba e polo asesor xurídico urbanístico Carlos Abal Lourido, asinado con data 30.07.2019, para ordenar os volumes edificables da parcela con referencia catastral nº 6663917NH2466N0001RQ, situada no lugar de Lamiño – Brión.

A Xunta de Goberno Local como órgano competente do Concello, por delegación da alcaldía do 20.06.2019 (BOP 03.07.2019), por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento: Estudo de detalle para ordenar os volumes edificables referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, e solicitarase o informe sectorial preceptivo da Xunta de Galicia en materia de cultura, consonte co establecido no art.80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado da información pública, o Pleno como órgano competente do Concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

O alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González